

### 3.- A periferia urbana

- É a franxa externa da cidade correspondente á expansión urbana entre o 1º terzo do s. XX e a actualidade.
- Anos posteriores á Guerra Civil → depresión económica → transformación urbana pouco importante.
- Desde mediados dos anos 50, as principais cidades españolas iniciaron un importante crecemento, creando en distintas etapas extensas periferias.

#### 3.1.-1955-1975: a área suburbana compacta

- Anos **50 e 60** → forte crecemento urbano
- ↓
- gran crecemento demográfico.
  - forte éxodo rural atraído polo desenvol. da industria e dos servizos.

A **periferia** estendeuse de forma contigua á cidade ao longo dos principais eixes de transporte, formando unha **área suburbana**. Adoptou en xeral un **modelo compacto**, caracterizado pola alta densidade da urbanización; a verticalización da edificación; e a zonificación, ou constitución de áreas con diferentes usos do solo, contiguas, pero mal comunicadas entre si e co centro pola ausencia de infraestruturas adecuadas.



*A Coruña*

## a) Os barrios residenciais da periferia

Son de distinta tipoloxía e presentan bastante homoxeneidade social derivada do prezo da vivenda e da distancia ao centro. Nun principio fixéronse sen planificar, debido á urxencia de crear vivendas.

### ► Os barrios marxinais de infravivendas ou chabolas

- Máxima dimensión nos anos 50, nos momentos de forte éxodo rural...
- Son barrios que nacen sobre solo ilegal, sen organización urbanística.
- As vivendas son moitas veces autoconstruídas, con graves deficiencias, carecen de servizos elementais (auga, luz, alcantarillado)...



*Arrabaldes de Madrid,  
principios dos 60*



*Vivendas autoconstruídas sobre solo rústico nos arrabaldes de Madrid nos anos 50. Ao ser asentamentos ilegais, non dispoñían de agua corrente, nin de rúas asfaltadas. Estes servizos chegarían a mediados dos anos 70, co derribo sistemático das infravivendas e o realoxo posterior nos novos bloques que se construíron.*


## ► Os barrios de vivendas de promoción oficial

- Maior desenvolvemento entre 1940 e 1960
- Para solucionar o problema de vivenda para clases humildes → Creación de bloques de vivendas de **promoción oficial ou protexidas**, un exemplo dos cales eran as **Unidades Veciñais de Absorción\***

- Construídas con axuda estatal e límite de prezo de venda ou aluguer.
- Forman case sempre barrios de trama aberta, con espazos libres entre as vivendas.
- A edificación, caracterizada pola monotonía, era de vivendas unifamiliares ou bloques, de baixa calidade construtiva.
- Carencia de equipamentos e servizos.
- Contorno de baixa calidade ambiental pola proximidade das industrias, depuradoras e vertedoiros.



*Novo Parque de La Ventilla,  
Madrid, anos 50.*



*Colonia San Cristóbal,  
Madrid, 1948*



*Vivendas Sindicais,  
Pamplona*



*Vivendas Sindicais,  
Ortigueira*



*Vivendas Sindicais,  
Zaragoza*



## ► Os barrios de viviendas de promoción privada

- Nacen a partir de 1960, na época *desarrollista*.
- Son barrios de trama aberta.
- A edificación é de bloques xeométricos ou torres colectivas en altura, con espazos abertos para xardíns ou aparcamentos e un trazado de rúas desordenado.
- Función sobre todo residencial, os comercios e as dotacións do barrio concéntranse en certas zonas.

Rematan sendo de altura e densidade excesiva e dan lugar a unha paisaxe urbana monótona.



*Ciudad Los Angeles,  
Madrid, 1959.*

Os “*Barrios colmea ou dormitorio*” son núcleos urbanos típicos das áreas metropolitanas das grandes cidades, que serve fundamentalmente como lugar de residencia ou dormitorio aos traballadores empregados na cidade central.







*Barrio obreros de Avilés, construído por iniciativa privada en 1962.  
Foron comprados por Ensidesa, para alugalos aos seus empregados.*



*Barrios de viviendas  
de promoción  
privada, Madrid.*

## b) As áreas industriais e de equipamento da periferia

Localízanse xunto ás principais vías de acceso á cidade, buscando a proximidade urbana e solo abundante e barato.

### ► As áreas industriais

- Nas **décadas de 1950 e 1960** créanse polígonos xunto ás principais vías de acceso á cidade:

- con planificación
- sen planificación, con instalacións que medran de forma desordeada, que supoñen problemas de atascos, contaminación, incomodidades...



### ► As áreas de equipamento

- Os equipamentos son escasos e en moitos casos non desexados pola cidade central (cárceres, cemiterios, depuradoras...)



*Polígono industrial de San  
Cristóbal, Valladolid*

Os trazos característicos da periferia suburbana nesta etapa déronlle unha **imaxe negativa**. Na actualidade, as **políticas urbanísticas adoptaron medidas para mellorar** esas áreas residenciais, industriais e de equipamento:

- erradicación dos barrios de chabolas realoxando a súa poboación en vivendas sociais (construídas no mesmo barrio ou na nova periferia da cidade...).
- rehabilitación de vivendas, parte dos barrios obreiros máis degradados ou cunha situación bastante cercana ao centro da cidade van desaparecendo e son substituídos por edificios nos que son realoxados ou seus habitantes ou mesmo ten lugar un proceso de **xentificación\***.
- dotación de equipamentos e servizos comerciais, sanitarios, escolares, deportivos...
- rehabilitación de edificios e áreas industriais para acoller novos usos ou para favorecer a implantación de novas empresas.
- mellora das comunicacións coa cidade central e entre as áreas periféricas.



*Vivendas obreiras no distrito de Arganzuela, Madrid, á espera de derribo.*



*Remodelación do Barrio de Artazu Bekoa (anos 50), Bilbao.*

### 3.2.- Desde 1975: a área suburbana difusa

Desde 1975, as cidades **reducen o seu ritmo de crecemento**, debido á diminución do crecemento natural e á paralización do éxodo rural causados pola crise. Non obstante, a expansión da periferia urbana continúa pola difusión desde o centro urbano de poboación e actividades económicas e, en menor medida, polo crecemento da inmigración estranxeira desde finais do s.XX (que ocasionou certo rebrote da urbanización marxinal).

Nesta etapa, a periferia esténdese máis alá do continuo edificado, por unha franxa periurbana, de límites imprecisos entre o campo e a cidade. Adopta un **modelo disperso**, coñecido como “cidade difusa” ou “cidade dispersa”, caracterizado pola baixa densidade da urbanización e a zonificación en áreas con diferentes usos do solo, separados por espazos intermedios ou baleiros urbanos, ben conectadas entre si e co centro urbano por unha rede viaria densa, orientada sobre todo ao transporte en automóbil privado.

*Periferia de Sevilla*




a) As áreas residenciais da periferia son de baixa densidade

► Os barrios de quintero pechado

- Nacen a partir de 1980 e 1990.
- Os quinteiros presentan trama pechada, cunha menor densidade e altura que os construídos en décadas pasadas.
- O patio ten uso colectivo, ben privado (xardíns, piscinas, parques infantís...) ou ben público (prazas).

*Polígono de Adormideras,  
A Coruña*



*Polígono de Matogrande.  
A Coruña*



*Los Rosales, A Coruña*



## ► Os áreas de vivenda unifamiliar

- Nacen na periferia urbana a partir da década de 1980, coincidindo co incremento do uso do coche.
- Trama aberta, con edificación individual en vivendas exentas ou acaroadas.
- Uso do solo fundamentalmente residencial, aínda que preto existen servizos de consumo e de ocio, como superficies comerciais, parques recreativos, multicines....
- Socialmente acollen a clases medias, que buscan o contacto coa natureza.



Desde 226 m<sup>2</sup> construídos

Financiación a su medida

1ª y 2ª FASE VENDIDAS, 3ª YA A LA VENTA

" PISCINA Y ZONAS AJARDINADAS "

Amplio Salón-comedor, Cocina con despensa,  
4 Dormitorios (uno en planta baja), 3 Baños,  
Terraza, Patio y Garaje en semisótano con chimenea.  
Granito, Tarima, Calefacción, Puertas Seccionales Automatizadas,...

... " VISITE CHALET PILOTO " ...

*Urbanización San Marcos,  
a 10 minutos de Santiago.*



## b) As áreas industriais e de equipamento da periferia

### ► As áreas industriais

- Nas últimas décadas créanse na periferia **novos espazos industriais**

Polígonos de naves acaroadas para industrias trasladadas desde o centro urbano que buscan espazos máis amplos e baratos e obter beneficios pola venda dos seus antigos terreos.

Áreas de gran calidade ambiental, dotadas de espazos libres e equipamentos para instalar:

- *parques empresariais*:  
acollen oficinas que  
buscan a desconxestión  
do centro.

- *parques tecnolóxicos*:  
acollen industrias inno-  
vadoras e centros de  
investigación.



*Parque empresarial de  
Telefónica, Madrid*





*Parque tecnològico de Paterna, Valencia*



## ► As áreas de equipamento

Nas últimas décadas, xunto ás estradas de saída da cidade van instalándose servizos que requiren solo abundante e barato:

- grandes superficies comerciais
- outros equipamentos
  - centros educativos
  - infraestruturas sanitarias
  - centros administrativos
  - servizos deportivos...



*Complejo Hospitalario  
Universitario A Coruña*




*Complejo deportivo As  
Mesetas, Gijón*

*Obras do Centro comercial Marineda  
City, A Coruña, ano 2010.*



Os trazos característicos da periferia suburbana nesta etapa máis recente déronlle unha **imaxe máis positiva**. Non obstante, o modelo de cidade difusa é obxecto de **fortes críticas** por consideralo insostible:

- consome moito territorio a custa dos espazos agrarios e naturais.
- depende en exceso do automóbil privado, aumentando o custo enerxético e as emisións nocivas á atmosfera debido aos movementos pendulares, ademais redúcese a rendibilidade dos transportes públicos.
- incrementa o gasto en levar infraestruturas e servizos a lugares afastados (estradas, electricidade, sumidoiros, recollida de lixo...).
- a zonificación favorece a segregación en áreas residenciais de diferente composición social e o illamento social, pois as rúas perden o seu carácter público...



As alternativas son a volta á cidade compacta, aínda que sen excesivo amoreamento nin verticalización; a **reciclaxe urbana**, recuperando os espazos deteriorados da cidade, en lugar de fomentar novos desenvolvementos urbanísticos; a **rehabilitación da cidade difusa** aumentando a densificación; e o **control urbanístico** da extensión urbana.